

**REUNIÓN DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA CORUÑA O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2016.**

**ASISTENTES:**

Don Indalecio Cabana Leira, Xefe Territorial de Cultura, Educación e O.U.

Don Fermín Álvarez Lata, Xefe do Servizo Territorial de Inspección Educativa

Don Alfonso Varela Vidal, Presidente da Xunta de Persoal Docente, representante da CIG.

Don Fernando Rei Maio, representante STEG

Dona Divina Núñez López, Secretaria e membro da CIG

Don Manuel Abella Vázquez representante UGT

Dona Rosa María Urbano Rey, representante ANPE

Dona Raquel Parada Serantes, representante CC.OO.

Dona Cristina Rúa Peón, representante CSIF

Dona Lucía Rivera Fraga, actuando de representante da Administración

**ORDE DO DÍA**

**1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.**

Asínase a acta do 6 de xullo de 2016.

**2.- Interinidades adxudicadas despois da APD en primaria e secundaria: relación nominal nas mesmas circunstancias que a adxudicación ordinaria.**

A X.T. entrega a información non nominal. Informa tamén que esta información está na web da Consellería.

A X.P. pregunta polos motivos das adxudicacións das Comisións de Servizo concedidas no mes de agosto.

A X.T. informa que se deben a que tamén foron atendidas peticións de última hora sobre PT e AL para alumnos/as NNE.

A X.P. considera que se cometeron erros e que isto provocou desigualdades para o profesorado que xa non se poden evitar.

### **3.- Erros na adxudicación de vacantes no corpo de mestres e perfís PES.**

A X.P. informa de que se nomearon 4 profesores da especialidade de educación física que os centros non pediron: 2 no CEIP Raquel Camacho (A Coruña), 1 no CEIP Eduardo Pondal (Ponteceso) e 1 no CEIP Vales Villamarín (Betanzos)

X.T. informa que normalmente este profesorado é para cubrir reducións horarias e titorías e que na maioría dos casos, é a dirección dos centros a que os pide con ese perfil. A X.P. non está dacordo e manifesta que se cometeron erros. X.T. informa que a aplicación informática non ten en conta as segundas especialidades.

A X.P. presenta unha relación de prazas con perfís variados e que non se axustan ás necesidades reais do centro. Entregamos copia da relación ao Xefe de Servizo de Inspección. Chama a atención sobre todo a situación que se dá no IES San Clemente e no IES Alfonso X O sabio (Cambre)

Desde X.T. infórmase que estas peticións fainas directamente a dirección dentro da aplicación informática e que desde aquí non hai posibilidades de velas, sen embargo, informa de que darase orde a inspección para que se comprobe esas peticións e que as direccións dos centros actúen segundo as necesidades reais.

A X.P. indica que se houbese consecuencias por esta actuación, as direccións dos centros actuarían doutro xeito. Desde X.T. díxenos que citará á dirección do IES Alfonso X O Sabio xunto co inspector, a fin de que dea explicacións desas peticións.

### **4.- Vacantes solicitadas polos centros e non cubertas.**

A X.T. informa de que os centros dispoñían de profesorado suficiente. Nós comprometémonos a entregar unha relación.

### **5.- Incidencias principio de curso: CEIP Santa Eulalia de Dumbría e CEIP Arcediago de Santiso.**

A X.P. pedimos explicacións do porqué de non cubrir as prazas do CEIP Santa Eulalia de Dumbría e do CEIP Arcediago de Santiso, aínda que o informe de inspección era favorable. O X.T. informa de que no de Dumbría teñen 2 grupos de “EI” con 14 e 10 alumnos cada un, e 3 grupos de “EP” con 16, 17 e 18 alumnos cada un, e que teñen para atender a estes alumnos, 2 profesores de “EI”, 2 de “EP” e 3 especialistas, ademais dun orientador e 1 de relixión, polo que atendendo á normativa de agrupamentos están as necesidades totalmente cubertas. No CEIP de Santiso teñen un grupo de 11 alumnos de “EI” e 2 grupos de “EP”, con 15 e 14 alumnos cada un, e teñen 1 mestre de “EI”, 3 especialistas e 1 “EP/PT” ademais de 1 orientador e 1 de relixión. Desde a X.P. preguntamos si se

está aplicando estritamente a normativa de agrupamentos, cousa que se nos confirma.

#### **6.- Incidencias na oferta de materias na ESO e BAC no IES Fernando Wirtz de A Coruña.**

O X.T. informa de que houbo un erro nos formularios de matrícula (materias de 2 horas de libre configuración, aparecían con 3) e que unha vez informado a inspección, corrixiuse inmediatamente seguindo as instrucións dadas polo inspector do centro.

#### **7.- CEIP María Pita, exposición da problemática actual, arranxo urxente do patio de educación infantil, polo perigo que supón para as crianzas e para o profesorado, incumprindo a lei de prevención de riscos laborais.**

A X.P. manifesta que xa coñece que o que plantexa está dentro do mantemento de centro e que isto corresponde ao Concello. Que dado o momento en que xurdíu (previo ás eleccións) o Concello comprometeuse a amañalo, máis só fixo un arranxo provisional que non é nin seguro nin duradeiro. Piden á X.T. que se implique e presione ao Concello.

A X.T., informa da situación de desinformación e falta de comunicación que existe entre o Concello e a Xefatura, até o punto de que o Concello leva a cabo obras e actuacións nos centros da cidade sen solicitar ningún tipo de autorización nin comunicación previa. Infórmase de que o representante da Administración no Consello Escolar Municipal, xa lles expuxo a necesidade de colaboración, se ben, desde o Concello, manifestaron textualmente que “non teñen intención de informar nin manifestar as obras que van facer nos centros”.

#### **8. Información sobre expedientes.**

Facilítase a información dos expedientes disciplinarios que están resoltos neste momento, un no CIFP Ferrolterra e outro no IES Urbano Lugo de A Coruña.

#### **9.- Rogos e preguntas.**

##### **a) A Xunta de persoal pregunta se vai funcionar a FP Básica no IES Terra de Trasancos.**

A X.T. informa de que cando se lles comunicou a negativa había 2 alumnos interesados en matricularse. Neste momento estamos á espera de que se confirme se son 4 o alumnado interesado, e, de ser así, trasladarase a solicitude á Subdirección Xeral co fin de que se intente cambiar o criterio.

##### **b) A X.P. pregunta sobre o cese como orientador do director do CRA de Rianxo.**

A X.T. aclara que non é un cese como orientador, senón que ao ser director, o complemento de dirección é incompatible co complemento de xefe de departamento. Así que o cese refírese á xefatura de departamento.

**c) A X.P. manifesta que o orientador de Boiro e Ribeira, comparte centros e que a situación non se axusta ás necesidades reais dos centros.**

A X.T. informa de que estudarase o tema. A X.P. pide un orientador para Boiro.

**d) A X.P. pregunta se as datas de entrega de programacións van ser flexibles ou vai haber unha data límite.**

A X.T. informa de que se tentará poñer unha data límite e unificar criterios.

**e) A X.P. pide que se flexibilice a data de entrega da Memoria da fase de prácticas para os funcionarios docentes, sobre todo atendendo ás situacións de causas sobrevidas.**

A X.T. informa de que mirarase o tema.

Físaxe a vindeira reunión para o 26 de outubro.

A Xunta de Persoal

A Coruña, a 28 de setembro, de 2016